

Torturas e malos tratos no Centro Penitenciario de Teixeira

1. Introducción

O presente relatorio ten por finalidade expor de maneira sintética os feitos que foron obxecto de denuncia por internos do Centro Penitenciario de Teixeira (Coruña), supostamente cometidos por funcionarios destinados no citado centro e que pola súa natureza poderían ser calificados como delitos de tortura, contra a integridade moral, rigor desnecesario e lesións. Queremos subliñar que se trata de feitos concretos, a maioría denunciados perante a Xurisdición, producidos entre os anos 2006 e 2015 e que poden ser encadrados na estrita definición de Tortura que fai a ONU. Describimos así mesmo dous antecedentes de malos tratos acontecidos no ano 1999, apenas un ano despois da entrada en servizo do penal no ano 1998, e indicamos a resposta xurisdiccional ás denuncias formuladas polos feitos que se describen.

Antes da descrición deses feitos, consignamos outras irregularidades observadas no funcionamento do centro (condicións ínfimas de habitabilidade, obstáculos ao dereito a defensa, revelación de datos confidenciais, etc.) que tamén deberían ser abordadas, mais neste caso exclusivamente polas autoridades internas,

Compre salientar que neste relatorio son descritas unicamente aquelas irregularidades e casos de malos tratos e torturas de que *EsCULcA. Observatorio para a Defensa dos Dereitos e Liberdades* (doravante EsCULcA) tivo coñecemento directo e puido documentar de maneira fidedigna, un traballo de recollida de información certamente difícil dada a opacidade que rodea o C.P. de Teixeira. Basta lembrar a contundente negativa con que tropezaron todas as iniciativas das deputadas do Parlamento Galego que tentaron coñecer directamente a situación (descritas no apartado 3.5. **Negativas institucionais a iniciativas parlamentares**) para comprender as dificultades con que depara calquera colectivo civil que pretenda acceder á información do que acontece no interior do penal. As irregularidades e os casos de malos tratos e tortura que recollemos son portanto, infelizmente, apenas unha parte das penalidades que padecen as persoas reclusas no C.P. de Teixeira.

2. O Centro Penitenciario de Teixeira (Coruña). Descrición

O Centro Penitenciario de Teixeira está localizado no Concello de Curtis, provincia da Coruña, no lugar coñecido como A Paradela, a uns 50 kms da Coruña. A súa entrada en funcionamento data do ano 1998. Ten unha superficie total edificada de

86.430 metros cuadrados e un número de prazas totais de 1008, das que 36 son de isolamento, 81 de enfermaria e 86 de ingresos, saídas e tránsitos. Na primeira década deste século, esta capacidade estivo notabelmente ultrapasada, con cifras de ocupación media que andaban á volta das 1.800 persoas internas.

A competencia en materia de vixilancia penitenciaria corresponde ao Xulgado de Vixilancia Penitenciaria núm. 1 de Galiza, con sede na Coruña. A competencia en materia penal corresponde ao xulgados de Instrución de Betanzos, que conta con tres órganos xurisdicionais mixtos.

3. Irregularidades observadas no funcionamento do C.P. de Teixeira

3.1. Condicións de vida no interior do penal

O C.P. de Teixeira é coñecido desde a súa fundación polas pésimas condicións de habitabilidade.

O 28 de febreiro de 2011 o deputado Francisco Jorquera (Grupo Mixto) rexistra na mesa do Congreso pregunta ao goberno sobre as condicións de habitabilidade do módulo de isolamento do penal. No seu escrito Jorquera afirma ter recibido queixas relativas a problemas como a prohibición de os internos accederen a produtos de economato permitidos noutros cárceres, o trato vexatório que sofren por parte de funcionarios da prisión (que os obrigan irregularmente a formar á hora das contaxes matinal e nocturna) ou a deficiente atención médica que reciben persoas con doenzas crónicas (refere casos de persoas con lesións cerebrais e minusvalías superiores a 60% que non son tratadas adecuadamente e de persoas portadoras de VIH a que non se proporciona a medicación necesaria). Tamén recolle o deputado no seu escrito queixas relativas ás condicións materiais e de confort básicas e pregunta se o goberno ten previsto investigar tan penosa situación e tomar as medidas precisas para lle pór fin.

No cadro do seu traballo de observación nos centros penitenciarios ubicados na Galiza, EsCULcA detecta tamén graves deficiencias nas infraestruturas do C.P. de Teixeira e serias carencias nos programas de actividades que o penal debe proporcionar ás persoas presas. Isto motiva en agosto de 2011 unha entrevista com Carmen Suárez, na altura directora do centro, e posteriormente (decembro de 2012) a presentación de queixa escrita. Neste caso tamén perante a Defensoría del Pueblo.

En materia de infraestruturas, as queixas recollen a preocupación polo estado de absoluto abandono en que se encontran as celas que ocupan os penados clasificados en primeiro grao, réxime de vida pechado, o que supón un grave risco para a saúde e mesmo a vida destas persoas por canto –en virtude do réxime em que foron clasificadas- pasan a maior parte do tempo encerradas. A isto é preciso sumar a situación da propia galería, con numerosas goteiras que provocan que a humidade sexa intensa e as temperaturas extremadamente baixas en inverno.

Por outra parte, EsCULcA refere a inexistencia des programas de actividades para os presos clasificados en primeiro grao de tratamento, o que repercute negativamente nestas persoas que, polo seu grao de clasificación, son precisamente as que mais necesitadas están de actividades tratamentais e chama a atención sobre o feito de os propios internos teren solicitado á Dirección do penal a implantación e desenvolvemento dun programa de actividades en reiteradas ocasións, petición

apoiada polo educador e a escola que funciona no interior, sen que a dirección tomase medida algunha para solucionar tan grave carencia.

Tamén en materia de asistencia sanitaria, afirma nos escritos remitidos á dirección do centro e á Defensoría del Pueblo numerosas queixas que recibiu referidas aos prolongados períodos de tempo que as persoas internas deben agardar antes de seren examinadas e tratadas por especialistas en psiquiatría ou odontoloxía. Tendo en conta que estas persoas carecen doutras alternativas sanitarias, EsCULcA entende que é inadmisíbel que sexan obrigadas a esperar meses sen recibir a adecuada atención médica.

O 16 de novembro de 2015, EsCULcA volve interpor queixa xunto da Defensoría del Pueblo para instar a abertura de expediente e investigación da situación do centro, neste caso mais en concreto no Módulo núm. 15 (de isolamento) onde, segundo testemuños recollidos polo observatorio, se producen vulneracións constantes de dereitos fundamentais.

3.1.1. Saúde. Casos concretos

3.1.1.1. Asunto A.P.

O 16 de Xaneiro de 2010, A.P., compostelano de 29 anos, aparece morto en estrañas circunstancias na súa cela no módulo de ingresos.

Segundo os responsábeis da prisión, a morte teríase producido por suicidio mais a plataforma *Queremos saber*, formada por persoas que coñecían A.P., puxo sempre en dúbida esa versión que contrariaba abertamente a súa atitude vital.

A negativa aos familiares da posibilidade de recoñecer o corpo cando este foi trasladado ao Complexo Hospitalario da Coruña (mesmo despois de lle ter sido practicada a autopsia) e a inexplicábel demora na entrega do cadáver (às 3:00 da madrugada do día 20) deitan serias sospeitas sobre as circunstancias en que se tería producido a morte, a terceira no prazo de un mes no C.P. de Teixeiro.

3.1.1.2. Denuncia de funcionarios

En setembro de 2010, a raíz dun brote de varicela declarado no módulo 3 (coñecido pola poboación reclusa como un módulo particularmente insano, con celas ocupadas por varias persoas en condicións de hixiene mínimas), varios traballadores fixeron chegar unha denuncia ao Congreso ao advertir que a dirección non tomaba as medidas precisas para evitar a propagación do vírus. Sobre este asunto, o deputado Francisco Jorquera (Grupo Mixto) rexistrou na mesa do Congreso unha pregunta dirixida ao goberno en que tamén se requería información sobre malos tratos no penal.

3.1.1.3. Denuncia de interna

Ese mesmo ano, o 6 de decembro, unha interna denuncia os servizos médicos por lle ter administrado unha dose de metadona 7 veces superior (155 unidades) á que ten pautada (25 unidades) e non ter recibido posteriormente o tratamento adecuado para paliar os efectos nocivos do erro, a pesar de padecer asma e Hepatite C en estado avanzado e ela mesma ter alertado os servizos sanitarios do erro. A resposta,

sarcástica, do médico foi que non pasaba nada pois tiña que “estar afeitada a tomar de todo”.

3.1.1.4. Asunto S.S.M.

S.S.M., denuncia a EsCULcA que a pesar de ter diagnosticada patoloxía psiquiátrica leva mais dun ano sen ser examinado por especialista. Aínda que xa cometeu numerosos intentos autolíticos non foi incluído no programa de prevención de suicidios. Despois dun ano de reclusión no módulo 15, subliña, a traballadora social só se entrevistou con el en 3 ocasións, a psicóloga do centro en 5 e o educador en 7.

A seguir a protesta do día 4 de novembro de 2015 é trasladado á galería do módulo de isolamento chamada Ala Corta, onde é costume trasladar os presos en situación de aplicación do medio coercitivo de isolamento preventivo após algún incidente sen que lle sexa entregada notificación algunha nin lle sexan devolvidas as súas pertenzas.

3.1.1.5. Persoas afectadas pola Hepatite C

Por outra parte, a Plataforma Galega de Persoas Afectadas pola Hepatite C denunciou en 2016 non ter sido autorizada pola Dirección do Centro a informar as persoas reclusas que padecen esta doenza da necesidade de recibiren os novos tratamentos e os procedementos para os solicitaren. Todo isto despois da sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza (20/05/2015) que obriga a dispensar sen dilación os novos fármacos a todas as persoas presas afectadas, a denuncia da fiscalía (12/01/2016) contra o Servizo Galego de Saúde (Sergas) por aceptar a restricións impostas pola Xunta de Galiza á dispensación dos fármacos e a aprobación na cámara galega por unanimidade (27/01/2016) dunha Proposición non de Lei presentada pola deputada Montse Prado (Grupo BNG) que reclama sexan tomadas as medidas necesarias para dispensar sen demora os novos tratamentos a todas as persoas presas afectadas.

Antes, o 8 de xaneiro, morrera na prisión de Teixeiro J.V.P. sen recibir tratamento para a hepatite C que padecía.

3.1.2. Alimentación

No que di respecto á alimentación, as queixas referidas a súa ínfima calidade foi tamén unha constante desde a creación do C.P. de Teixeiro e reférense tanto á insalubridade da dieta (varias persoas, unha delas vegana, denunciaron aumento nos índices de colesterol despois do internamento no centro) e o pésimo estado en que son servidas as comidas (frías nalgúns módulos) como a súa insuficiencia (racións escasas).

Durante varios anos a auga do centro non foi apta para consumo humano, aínda que este problema parece ter sido solucionado en 2012.

3.1.3. Outras queixas

3.1.3.1. Asunto S.R.B.

O 20 de outubro de 2013, S.R.B., preso no CP Teixeiro, comeza unha folga de fame, despois de enviar sen resultado escritos a diferentes institucións estatais e supraestatais denunciando ser vítimas dos seguintes abusos:

a) a supresión das comunicacións co pai durante un período de 6 meses (o art. 42.2, apartado d, da Lei Orgánica Xeral Penal contempla a posibilidade de suprimir as visitas "durante un mes como máximo") por un feito non probado (terlle feito entrega de diñeiro nunha visita);

b) unha sanción desproporcionada por este mesmo feito non probado (30 días de privación de paseos).

c) a confiscación abusiva de diñeiro da súa conta de peculio;

d) a prohibición de recibir unha guitarra (o que é permitido a outros internos);

e) a retirada arbitraria de medicación pautada por facultativo (Tranxilium 50) e a imposibilidade de ser examinado por un psiquiatra.

3.1.3.2. Asunto Módulo 15

Capítulo aparte merecen a situación das persoas recluídas no módulo 15 (de isolamento), que motivou unha acción de protesta o día 4 de novembro de 2015. Neste caso as queixas alicerzan na ausencia actividades programadas no módulo, na contaxe nocturna, na actitude sobranceira dos funcionarios, na desatención dos servizos penitenciarios, etc.

Os internos denuncian que, non sendo o material escolar que reciben unha vez por semana grazas ao esforzo persoal do director da escola, os presos permanecen 21 horas ao día encerrados nas celas sen ningún tipo actividade, o que supón unha situación de execución da pena contraria ao principio de humanidade das mesmas. De feito, o formulario do seu Programa Individualizado de Tratamento (PIT) recolle como liñas tratamentais apenas dúas xeneralidades: a.- Normalización Conduta e b.- Ocupación positiva do tempo en prisión.

Tamén a contaxe nocturna con que os funcionarios interrompen reiteradamente o sono dos presos (nalgúns ocasións até 3 veces por noite), outras humillacións a que os someten ou as escasas entrevistas coa traballadora social, a psicóloga e o educador motivaron a protesta colectiva do día 4 de novembro.

Por outra parte denuncian que, cando se produciu o incidente do día 4 de novembro (queima de colchóns), as persoas encargadas de apagar o lume foron outros internos, non os funcionarios responsábeis da seguranza do recinto. A pesar de presentaren síntomas de intoxicación por inhalación de fume, os funcionarios negaron aos catro presos que nese momento estaban na galería e pediron ser recoñecidos polo médico, calquer tipo de atención sanitaria.

As infraccións da normativa penitencia que esta situación determina son numerosas e mais en concreto, do punto de vista da tutela de dereitos fundamentais, aténtase contra o dereito á dignidade (art. 10), vida e integridade física (art. 15), carácter rehabilitador da pena (art. 25).

3.2. Obstáculos á defensa

Por denuncia directa das letradas afectadas, constan ao noso observatorio dous casos de vulneración do dereito á defensa.

3.2.1. Asunto F.J.F.C.

No primeiro caso, a avogada Rita Giráldez Méndez, denuncia que despois de manter comunicación co penado F.J.F.C., que solicitara a súa presenza a fin de recibir asesoramento en varios temas de orde penal e penitenciaria, informar a letrada dos malos tratos sufridos o día 2/06/2012 e entregar os documentos necesarios para a formulación antes de vencer o prazo legal de alegacións e recurso contra expedientes disciplinares instados ao penado, os tres funcionarios que acompañan o seu cliente néganse a entregarlle esta documentación. Cando a letrada tenta proceder á identificación, un dos funcionarios informa que o seu nome é Carlos, sen comunicar apelido nin número de identificación.

O 11/06/2012 EsCULcA presenta denuncia contra funcionarios do cárcere de Teixeiro por alegados delitos contra o dereito á defensa.

O 27/06/2012, Fernando Blanco Arce acredita a representación de EsCULcA nos xulgados de Ourense, trámite requerido polo xulgado de Betanzos na única dilixencia relacionada con este procedemento de que ten constancia.

No día seguinte, 28 de xuño, nunha actuación que no caso doutras infraccións penais resultaría simplemente inconcebíbel e que neste caso implica infracción dos dereitos legais das persoas prexudicadas, Nuria Fachal, xuíza de Betanzos, dita auto acordando o arquivo provisorio do procedemento sen que conste que tivese citado a declarar o preso e a letrada cuxa comunicación se denuncia como afectada en aras do dereito á defensa.

Do teor literal do auto resulta imposíbel deducir en que argumentos basea a xuíza a súa resolución e mesmo saber se practicou algunha dilixencia de proba ou se decidiu archivar de plano o procedemento. Trátase dun auto dos chamados "de formulario", modalidade estándar en que a persoa que o emite límitase a cubrir os datos concretos dun determinado procedemento.

O 09/07/2012, EsCULcA remete recurso de reforma contra este auto interesando a súa revocación e a toma de declaración ás persoas prexudicadas, así como a identificación dos funcionarios penitenciarios que alegadamente impediron a entrega dos documentos. Nuria Fachal, titular do xulgado de instrución nº 1 de Betanzos archiva a denuncia nun auto carente de motivación.

O 12/07/2012, o colexio de avogados de Compostela estima a queixa formulada pola letrada dona R.G. en relación á restrición do dereito de comunicación entre ela e o seu defendido F.J.F.C.

3.2.2. Asunto A.R.P.

Pola súa parte, a letrada Yolanda Ferreiro Novo, denuncia que en entrevista profesional co interno A.R.P. o 10 de setembro de 2014 detectou o deficiente estado do sistema de audio dos locutorios habilitados para estes fins, o que impediu a letrada comunicar co seu defendido de maneira segura e confidencial.

Con data 15/09/2014, Ferreiro Novo dirixiu escrito ao Colexio de Avogados de Ourense para solicitar se requirise de inmediato á Dirección do CP de Teixeiro a implementación das medidas necesarias a fin de garantir o cumprimento dos principios de seguridade e confidencialidade nas comunicacións das persoas presas co/as avogado/as.

3.3. Revelación de datos confidenciais

O 14 de abril de 2014, o xornal coruñés *La Voz de Galicia*, nun artigo intitulado "Los más peligrosos de Teixeiro", revela datos persoais de internos no C.P. de Teixeiro, fornecidos, segundo o xornal, por funcionarios do propio penal.

Alguns destes datos permiten identificar facilmente varias reclusos encanto outros se referen as vicisitudes da súa vida penitenciaria.

O 04/05/2014, EsCULcA formula denuncia perante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD) invocando o artigo 7 (Recollida e cesión de datos de carácter persoal dos internos) e o artigo 8 (Datos especialmente protexidos) do Real Decreto 190/1996 (Regulamento Penitenciario), así como os artigos 6 e 7 (Consentimento do afectado e Datos especialmente protexidos respectivamente) da Lei 15/99 (Lei de Protección de Datos) e solicita a abertura de expediente co fin de que sexan depuradas as responsabilidades a que houber lugar pola revelación pública de datos especialmente protexidos.

O 27/06/2014, Carlos Garrido Falla, da AEPD dita resolución pola que desestima a queixa, resolución contra a que EsCULcA interpón recurso de reposición o 03/08/2014, sinalando a negligente redacción e falta de rigor técnico-xurídico e mostrando desconcerto polos numerosos indicios textuais que apuntan a que o director da Axencia non tería lido a denuncia. Cita xurisprudencia inaplicábel ao caso e chega mesmo a arguir non estar clara a procedencia penitenciaria da revelación dos datos, cando esa procedencia é recoñecida explícitamente polo propio autor do artigo, que -como xa se indicaba na denuncia de EsCULcA- cita como fonte á institución penitenciaria.

3.4. Humillacións a familiares de persoas presas

En Xaneiro de 2010, familiares de persoas presas independentistas recluídas no C.P. Teixeiro presentan queixa perante o Valedor do Pobo para reclamar deste organismo a abertura de dilixencias co obxectivo de pór fin ás vulneracións dos seus dereitos nas visitas, nomeadamente inspeccións corporais (incluídos menores) mediante palpación por funcionarios antes das entrevistas vis-à-vis, unha medida que se practica a pesar dos resultados negativos do control electrónico (arco detector de metais e raqueta).

No mes de xullo, as familias denunciante recibiron resposta da Oficina de la Defensora del Pueblo, organismo a que o Valedor do Pobo derivara a queixa.

Na súa resposta, M^a Luísa Cava de Llanos xustifica estas medidas excepcionais co argumento de seren precisas "cuando existen sospechas de que el comunicante puede ser portador de objetos prohibidos".

3.5. Negativas institucionais a iniciativas parlamentares

O 12 de marzo de 2015, as deputadas Carmen Gallego e Patricia Vilán (Grupo Socialista) formulan por escrito á Delegación do Goberno central en Galiza solicitude para visitaren os cárceres de Teixeira e a Lama co propósito de “coñecer directamente as queixas” sobre os penais.

Santiago Villanueva, traslada a petición á Secretaría Xeral de Institucións Penitenciarias, dependente do Ministerio do Interior. O 7 de abril a subdirectora xeral de Relacións Institucionais e Coordinación Territorial deste departamento, Mercedes Belaustegui, responde ao escrito das deputadas negando o acceso co argumento de a actividade penitenciaria se realizar “con pleno sometemento ás leis e ao ordenamento xurídico” e en colaboración con diferentes organismos de control e tamén por “os centros seren visitados por deputados e senadores nacionais cando así o solicitan”.

O 13 de abril de 2015, a propia Carmen Acuña xunto coas deputadas Carmen Gallego e María Quintás (Grupo Socialista) solicitan á mesa da Comisión Institucional e a Comisión de Sanidade do Parlamento de Galiza a designación dunha delegación destes órganos formada por representantes de todos os partidos da cámara. As deputadas solicitan así mesmo un pronunciamento das Mesas “fronte a esta reposta intolerábel do Ministerio do Interior.”

O 19 de novembro de 2015 outras dúas deputadas – Consuelo Martínez García e Carmen Iglesias Sueiro (Grupo Mixto) solicitan ao delegado do goberno na Galiza, Santiago Villanueva Álvarez, poder entrevistarse co Director e os dous internos cuxa situación se recolle no escrito de denuncia de EsCULcA dese mesmo mes. O 9 de decembro a solicitude é denegada por orde da Subdirección Xeral de Relacións Institucionais e Ordenación do Territorio, Mercedes Belaustegui Alonso, que alega teren sido tomadas xa as medidas necesarias para eliminar os problemas que “puideren surxir”.

O 28 de xaneiro de 2016, a deputada Noela Branco (Grupo Socialista) exige unha visita institucional do Parlamento de Galiza á prisión de Teixeira após o que cualifica de “veto” imposto polo goberno español, “que impediu a visita solicitada dende o Grupo Socialista aos centros penitenciarios galegos nun intento de esconder a situación real dos cárceres galegos”. A deputada presenta esta solicitude en forma de emenda a unha proposta da deputada Tereixa Paz (Grupo BNG) para investigar os presuntos malos tratos denunciados por internos deste cárcere.

4.- Casos de tortura e malos tratos anteriores a 2006

Existe constancia de que xa no ano 1999 (apenas un ano despois da entrada en funcionamento do centro penitenciario) aconteceron feitos que determinaron denuncias de internos e que poderían ser calificados como tortura ou contra a integridade e lesións.

4.1. Primeiro antecedente

O primeiro antecedente prodúcese en Maio de 1999, en concreto o día 30. O interno S.S.E. denuncia ter sido agredido sobre as 17,00 horas do día 30 de Maio por un Xefe de Servizos acompañado de varios funcionarios que portaban porras. Tamén denuncia ter sido agredido outra vez polo mesmo Xefe de Servizos momentos despois, cando recibía asistencia médica. E novamente ás 21:30 horas e ás 3:00 da madrugada do día 31 de Maio de 1999. Estes feitos dan lugar a que o S.S.E. formule denuncia perante o Xulgado de Instrución de Garda de Betanzos. Presenta ferida incisa na fronte de 2 cm. que precisou 3 puntos de sutura.

Tamén a *Asociación contra a Tortura* formula denuncia xunto con varios colectivos de ámbito galego de defensa de dereitos humanos das persoas presas.

S.S.E. é denunciado polo Centro Penitenciario como autor dun delito de atentado.

Ambas as denuncias son obxecto de instrución polo Xulgado de Instrución núm. 3 de Betanzos, dando lugar ás Dilixencias Previas 463//1999, que son arquivadas en relación á denuncia por lesións presentada polo interno e dan lugar á abertura de xuízo oral perante a Audiencia Provincial da Coruña contra S.S.E. -cunha petición de condena de once anos de prisión por delitos de atentado e lesións- que culmina con sentenza de 19 de Setembro de 2007. Imponse a S.S.E. unha pena de nove meses de prisión.

Nestes feitos participan os funcionarios núms. 64, 318 e 312. Como se comprobara no relato dos diferentes feitos obxecto de denuncia e recollidos neste relatorio, algúns dos funcionarios aparecen reiteradamente involucrados en incidentes deste tipo.

4.2. Segundo antecedente

O segundo antecedente de gravidade acontece en novembro de 1999, no módulo de isolamento. Os feitos determinan actuacións xudiciais e o Xulgado de Vixilancia Penitenciaria da Coruña mesmo dita un auto, de data 3 de Decembro de 1999, expediente 9108/1999, en que estima a queixa dos internos denunciante por exceso na aplicación de medios coercitivos, interesando que se dite testemuño do expediente de queixa ao xulgado de instrución por se os feitos foren constitutivos de infracción penal.

Os feitos, narrados sinteticamente ao seren invocados como antecedente, acontecen entre os días 5 e 10 de novembro de 1999 e son denunciados polas vítimas deles, F.J.R.G., G.B.S. e V.M.L. de G., os tres con destino no módulo de isolamento. Descríbese na denuncia unha primeira agresión no patio a F.J.R.G., que é golpeado con porras e levado á chamada "ala curta". Posteriormente, continúa a denuncia, varios funcionarios acuden á cela de V.M.L. de G., onde baten no interno para despois o alxemaren e trasladaren á "ala curta". Igual procedemento é aplicado ao preso G.B.S.

A denuncia narra como esa noite do día cinco de novembro, un Xefe de Servizo e varios funcionarios espancan F.J.R.G. Desde a noite do día 5 de novembro, os tres denunciados permanecen alxemados á cama. O encadeamento dura até o día 10 de novembro, segundo a propia documentación do Centro Penitenciario remetida ao Xulgado de Vixilancia Penitenciaria.

De novo, continúa a denuncia, á hora do reconto da mañá do día 6 de novembro,

os tres denunciante son espancados encanto permanecen agrilloados na "ala curta". Mais unha vez, o día 6 de novembro son agredidos á hora da comida e á da cea. E novamente o día 7 de novembro,

Os denunciante referen ter recibido ameazas de novas agresións até o día 9 de novembro caso non procederen a se pór de pé á hora do relato.

Debe ser salientado que os denunciante son mantidos alxemados desde as 13:00 horas do día 5 de novembro até as 11:00 do día 9 de Novembro segundo as comunicacións de aplicación e cesamento de medios coercitivos -suxeición mecánica por meio de alxemas- comunicacións enviadas ao Xulgado de Vixilancia Penitenciaria e subscritas polo Subdirector de Seguraza.

O Xulgado de Vixilancia Penitenciaria da Coruña, en auto ditado en queixa, Expediente 9108/99, estima a queixa dos penados e declara incorrecta e inxustificada a aplicación de medios coercitivos de agrilloamento desde o 5 de Novembro ás 13.00 horas até o 9 de novembro ás 11:00 horas, así como o permanencia do isolamento provisorio até as 11:00 horas do 11 de novembro.

F.J.R.G., segundo os propios informes dos Servizos Médicos do C.P. (apesar de consignaren que se negaba a ser recoñecido) presenta hematomas e equimose na parrilla costal, hematoma baixo a axila esquerda e equimose en cara anterior posterior de ambas as pernas.

G.B.S. presenta contusión no tabique nasal, contusión na rexión frontal esquerda, contusión en pómulo esquerdo, hematoma en barra en parrilla costal esquerda e hemisección de incisivo esquerdo.

V.M.L.de G. presenta ferida incisa en occipucio de cinco centímetros de lonxitude, ferida incisa en occipucio de 2 cm. de lonxitude, hematoma en xeollo dereito, lesións que precisan desinfección e grampos de sutura metálica.

Por estes feitos séguense Dilixencias Previas 947/99 no Xulgado de Instrución núm. 2 de Betanzos, a raíz da denuncia dos penados e da expresa solicitude de remisión de testemuño co fin de deducir o tanto de culpa polos feitos que constata o xulgado de vixilancia penitenciaria. Estas dilixencias son arquivadas, con diferenza as dilixencias previas 914/99, tramitadas polo mesmo xulgado de instrución, que seguen.

Nestes feitos participan os funcionarios núms. 64, 3, 31, 25 e J.I.C.C.. Deste último non foi posíbel averiguar o seu número de funcionario.

5. Casos de tortura no período 2007-2015 no C.P. de Teixeira

5.1. Asunto J.M.S.R.

5.1.1. Descrición dos feitos

J.M.S.R. extingue condena na prisión de Teixeira no módulo de isolamento cando acontecen os feitos que se describen a seguir.

O día 08/02/2007, sobre as 21:00 horas, cando J.M.S.R. está deitado na cama da súa cela á espera de os funcionarios faceren o pertinente relato nocturno, varios funcionarios de servizo obrigan o denunciante a se pór de pé. Ao estimar que non era preceptivo regulamentariamente, J.M.S.R. négase.

Sen maiores explicacións, os funcionarios entran na cela e baten no interno,

posteriormente lévanno fora da cela e condúcenno, mallando nel ininterrompidamente, a unha cela en isolamento provisorio onde permanece varios días incomunicado e sen recibir asistencia médica, a pesar de os hematomas seren visíbeis durante varios días.

Por estes feitos, o penado comeza unha folga de fame que dura 14 días.

Ignórase que lesións ou secuelas padece o interno.

Ignórase que funcionarios participan nos feitos.

5.1.2. Forma de coñecemento dos feitos

EsCULcA tivo coñecemento dos feitos a través da denuncia formulada por varios colectivos galegos de defensa dos dereitos humanos perante o Xulgado de Instrución de Betanzos.

5.1.3. Informes médicos existentes

Non dispón EsCULcA de actuacións médicas practicadas a raíz destes feitos nin do diagnóstico de informes médicos da Sanidade Penitenciaria, Sanidade Pública ou Médico Forense.

5.1.4. Denuncia e resposta xurisdiccional

Os feitos son denunciados por varios colectivos de ámbito galego de apoio a persoas presas, segundo información que consta á asociación que subscribe este relatorio. Non lle consta o núm. de dilixencias seguidas por estes feitos, nin o xulgado encargado da súa tramitación, nin, obviamente, a resposta xudicial á denuncia presentada.

5.2. Asunto J.M.Y.M e outros. Coñecido mediaticamente como o "motin de Teixeira"

Os feitos aconteceron no mes de Xullo de 2006 e tiveron ampla repercusión na prensa escrita, onde foron coñecidos como o "motin de Teixeira", aínda que o acontecido pouco ten a ver cunha situación de desorde colectiva.

5.2.1. Descrición dos feitos

O 16 de Xullo, domingo, entre as 23:30 e as 00:00 horas da noite, na segunda galería do CP de Teixeira óvese un grande balbordo procedente da terceira galería, alboroto que os penados identifican como o ruído producido pola entrada de funcionarios nas celas e os berros que os internos da terceira galería producen ao seren agredidos por eses funcionarios.

Diante desta situación, varios penados da segunda galería, entre outros J. M. Y. M., comezan a dar pontapés na súa propia cela en sinal de protesta.

Posteriormente, sobre a 01:15 h da madrugada, aparecen na segunda galería varios funcionarios, encabezados polo Subdirector de seguranza, que proceden a abrir

a cela do penado don J. R. A.R.. Despois de o obrigaren a saír ao corredor a golpes, os funcionarios continúan batendo nel encanto o alxeman e conducen fora do módulo. Ao pasaren diante da cela do penado J.M.Y.M., contigua á de J.R.A.R., un funcionario abre o postigo da porta e, dirixíndose ao interno, di: "Ahora venimos a por ti, cabrón".

Sobre as 05:00, o penado J.M.Y.M. ouve aproximarenses da súa cela varias persoas. Unha delas, o Subdirector de Seguranza, levanta o postigo e ordena ao penado acender a luz, despois abre a porta deixando a de seguranza ou "caranguexo" fechada e pregunta a J.M.Y.M. se está auto-lesionado, ao que este responde que non. Sen mediar outra conversa, o Subdirector de Seguranza diríxese a J.M.Y.M. para lle espetar bruscamente: "Y tu hijo de puta, que es lo que quieres?", ao que o interno responde que non quere que se lle falte ao respecto e que o único que quere saber é por qué levaran e espancaran o compañeiro da cela contígua, J.R.A.R., e que fora o que acontecera cos penados da terceira galería. Nese momento, o Subdirector de Seguranza ordena ao penado aproximarse da porta de seguranza e sacar as mans por onde pasan as bandeixas da comida para o alxemar. J.M.Y.M. obedece e saca as mans por onde se lle ordena e cando vai ser alxemado o funcionario da garita abre a porta de Seguranza, con risco de rotura de ambas as mans a altura do pulso. Estando a porta de seguranza aberta e o penado sen alxemar, o querelado Subdirector de Seguranza volve dicir ao penado: "Vamos a ver pedazo de cabrón, tu que quieres?". O penado J.M.Y.M. mantén a súa resposta anterior, momento en que recibe unha puñada nas costas ao tempo que varios funcionarios se precipitan sobre el dándolle puñadas, porrazos e pontapés. J.M.Y.M. tenta cobrirose e parar algún dos golpes e porrazos, até que un funcionario batee nel coas alxemas agarradas tipo puño americano á altura da témpora dereita e outros, agarrándoo e dándolle porrazos, conseguen deitalo no chan. Despois é alxemado e conducido á cuarta galería sen os funcionarios pararen de mallar nel.

Encanto os funcionarios aguardan que se abra a porta para entraren na cuarta galería, aproxímase de J.M.Y.M. un funcionario obeso, medio calvo e mais ou menos dun metro sesenta e pico, que lle di textualmente "A este hijo de puta teníamos que haberlo matado hace cuatro años", referíndose á vez anterior que J.M.Y.M. estivera no citado CP, no mesmo módulo de isolamento. A estas palabras, un funcionario de elevada estatura responde: "Eso lo arreglamos ahora mismo" para, acto contínuo, comezar a apertar co brazo o pescozo do penado J.M.Y.M. dicíndolle: "dentro de veinte segundos ya no sentirás nada", até que outro funcionario lle agarra o brazo dicindo: "Basta ya. Deja al chaval". Despois J.M.Y.M. é trasladado suxeito por dous funcionarios.

Entretanto permanece alxemado e agarrado por varios funcionarios (á espera de que saquen outro preso da cela onde pretenden ingresar J.M.Y.M.), o funcionario que afirmara que tiñan de o ter matado catro anos antes aproxímase de J.M.Y.M. e dille: "Baja la vista hijo de puta. No me mires, porque te reviento la cabeza y esparzo tus sesos, cabrón de mierda". Con isto, meten na cela o preso J.M.Y.M. e déixanno alxemado coa luz acesa o resto da noite.

No día seguinte pola mañá permiten J.M.Y.M. recoller o almuerzo e sobre as 12:00 aparece o Xefe de Servizos para preguntar ao interno como está e retirarlle os grillóns. Tamén permite que os ordenanzas traian roupa de cama, aínda que o penado J.M.Y.M. é mantido encerrado na cela todo o día e toda a noite -con a luz acesa-.

O martes día 18, ao abriren pola mañá a porta para deixar o almuerzo, aparece, coas luvas de coiro postas, o funcionario que realizara sobre J.M.Y.M. a actuación de esganamento. Cando o interno se aproxima da porta de seguranza para coller as

galletas e os sobres de café e azúcar, así como a medicación (que deixara o ATS), o funcionario descrito lánzalle unha puñada que J.M.Y.M. consegue esquivar e faille un raspón na testa. Ao tempo o funcionario pregunta a J.M.Y.M.: “Te acuerdas de mí, hijo de puta? Pues te vas a acordar de mí toda tu puta vida”. Cando o ordenanza vai entregar o vaso de leite, o funcionario citado tírallo das mans e lánzao contra a cara do penado.

Mais tarde, cerca da hora do xantar, aparece outro Xefe de Servizos. Ven acompañado do funcionario anteriormente citado, que se mantén afastado e por detrás do Xefe de Servizos (coñecido pola alcuña de Peloblanco). Este pregunta ao J.M.Y.M. se está tranquilo. O penado responde que si, mais tamén que algún funcionario aínda está un pouco nervoso, despois do cal o Xefe de Servizos manifesta que se está tranquilo pola tarde será levado de volta á galería.

Cando pola tarde J.M.Y.M. vai ser conducido á galería de orixe, o funcionario que lle arremesara o leite á cara ameázao dicindo: “Como se te ocurra tan siquiera levantar la voz la próxima vez no lo cuentas. Puedes autolesionarte o escribir lo que quieras, pero que no se te ocurra levantar la voz porque sales de aquí reventado. ¿Te queda claro?”.

O día 19, J.M.Y.M. anótase para consulta médica e é atendido pola facultativa de garda. Despois de discutir con ela, o penado consegue ser examinado na enfermaría. Presenta as seguintes lesións:

- na parte superior da cabeza, dúas feridas paralelas no alto da témpora, producidas ao ser golpeado coas alxemas,
- raspón duns tres centímetros abaixo das feridas producidas polas alxemas,
- hematoma no extremo da cella dereita producido por puñada,
- hematoma en ombro dereito producido por porra, garganta inflamada con hematoma por tentativa de esganamento,
- hematoma en parte esquerda á altura da barriga producido por porra,
- grande hematoma en cada unha das pernas producidos por pontapé,
- hematoma no lado esquerdo do queixo producido por pontapé,
- fortes dores nas costelas e á altura das axilas, con problemas respiratorios que, ao toser e respirar con forza produce máis dor nas costelas e axilas -posíbeis hematomas internos.

Na terceira galería hai penados que tiveron de ser trasladados ao hospital. Consta o traslado de J.A.C.M. Na segunda galería consta que foron agredidos os penados S. M. A., J.R. A. R. e J. M. Y. M.

Mediante OFICIO de data 12 de decembro de 2007, nas dilixencias previas instruídas por estes feitos puido ser averiguado que o día 16 de xullo estaban de servizo no módulo de isolamento os funcionarios números 250, 124, 381, 694,610 e 602. O día 17 de xullo os funcionarios 168, 256, 503 e 322.

Igualmente, aínda que non estaban de servizo, foron requeridos e asistiron ao C.P. os funcionarios números 29, 264, 250, 215, 330, 261, 406, 251, 248, 380, 426, 410 e 389.

O Subdirector de Seguranza na ocasión era o funcionario J.I.C.C mencionado nos antecedentes deste relatorio por feitos acontecidos en Novembro de 1999.

5.2.2. Forma de coñecimento dos feitos

EsCULcA tivo coñecimento dos feitos polo relato directo de dous presos.

5.2.3. Informes médicos existentes

EsCULcA puido acceder a varios informes médicos referentes aos presos agredidos, tanto da Sanidade Penitenciaria como dos Médicos Forenses, aínda que o exame foi realizado tanto tempo despois dos feitos que, afora algunha excepción, os médicos limitáronse a consignar os feitos referidos polas vítimas da agresión.

De J.M.Y.M. existe folla en asistencia da Sanidade Penitenciaria de data 19.07.2006 que recolle: erosión en zona occipital, en zona temporal esquerda, erosión, dor en parrilla costal e erosión a nivel zona central pescozo.

Coincide o recollido nesta folla clínica co informe de parte de asistencia por lesións da Sanidade Penitenciaria de 19 de xullo de 2006.

O informe médico forense de J.M.Y.M. de 15 de Abril de 2008 (IMELGA OURENSE) asinala como lesións: erosións a nivel occipital, temporal esquerdo e anterior pescozo. Así como policontusións.

Do interno J.C.M. consta folla clínica correspondente a xullo de 2006, posterior aos feitos e ao momento de ser trasladado, onde se obxetiva, alén dunha autolesión, contusión en zona lumbar esquerda e (ilexíbel) en rexión glútea esquerda. Neste informe médico forense de 3 de febreiro de 2008, o facultativo fai constar que o interno refere outras lesións que non poden ser obxetivadas no informe médico forense.

Do penado J.R.A.R. na folla clínica constátase que o penado refere dor en xeollo esquerdo. No informe médico forense de 3 de febreiro de 2008 o interno refere lesións causadas en xullo de 2006, obxetivándose unicamente cicatriz arqueada de 3 cms. en rexión parietal do couro cabeludo.

Do interno J.A.C.M. constátase en informe de 17 de xullo de 2006 do C.P. de Tarragona, contusión supraciliar esquerda, omalxia esquerda e eritema en ambas as pernas.

5.2.4 Denuncia e resposta xurisdiccional

Os feitos son obxecto de denuncia por J.A.C.M , J.M.Y.M , S.M.A. e J.C.C.A. Tamén é formulada querela por EsCULcA, que nesta ocasión se constitui en acusación popular.

Igualmente, consta en autos escrito de J.A.C.M, un dos denunciante, interesando comparecer como acusación particular con designación de avogado de oficio, solicitude que non consta providenciada.

A instrución corresponde ao Xulgado de Instrución un de Betanzos, de que é titular Nuria Fachal Noguer, dando lugar a` Dilixencias Previas 432/2007. Das dilixencias solicitadas pola acusación popular, a Instrutora unicamente accede á práctica de proba documental consistente en arrecadar informes médicos así como en requerer o informe médico forense, copias do libro de incidencias e identificación dos funcionarios de servizo o día 16 e 17 de Xullo así como dos que acudiron ao C.P. sen estaren de servizo e identificación dos penados que se achaban no módulo de isolamento.

Son denegadas imotivadamente as dilixencias testemuñais dos presos, a declaracións como imputado do Subdirector de Seguranza, J.I.C.C., así como as que permitirían a identificación dos funcionarios que participaron nos feitos. Quer dicir, a propia limitación en práctica de proba limita a capacidade de discernir a responsabilidade dos diversos funcionarios que estaban de servizo, constando como única dilixencia de identificación de funcionarios o oficio xa indicado en que se numeran os presentes o 16 e 17 de xullo no módulo de isolamento.

Con data 16 de outubro de 2008 é ditado auto declarando os feitos falta. Tal auto é confirmado pola Audiencia Provincial da Coruña. Recibidos os autos, polo Xulgado de Instrución núm. 1 de Betanzos é asinalado xuízo de faltas para o día 19 de xaneiro de 2010. A acusación comparecente solicita por escrito de 30 de novembro de 2009 a citación como testemuñas dos presos denunciante así como dos que estaban na segunda e terceira galería o día 16 de xullo de 2006. Interésase que sexan citados como denunciados todos os funcionarios que prestaron servizos os días 16 e 17 de xullo de 2006 así como os que acudiron ao C.P.

Este escrito non é providenciado mais tampouco é denegada a proba.

O xuízo de faltas é suspendido *sine die* e sen se alegar causa algunha. A instrutora, despois da suspensión do xuízo e por providencia require á acusación popular que determine que feitos e grao de participación imputa a cada funcionario. A acusación popular responde que non procede tal trámite pois é dilixencia instrutora que non procede unha vez que se declararon falta os feitos e que mal pode a acusación determinar o grao de imputación dos denunciados cando foron denegadas as dilixencias propostas nese sentido.

Igualmente, a acusación popular formula recusación de Nuria Fachal Noguera por ter realizado dilixencias de instrución, o que a inhabilita por contaminación obxetiva para fallar o eventual xuízo de faltas. A recusación é rexeitada por motivos formais o 24/11/2009.

O 19 de Xaneiro de 2010 ten lugar finalmente o xuízo de faltas 257/2009, que remata con sentenza declarando prescritos os feitos en nova convocatoria do acto , como indicaremos de seguido .

O 01/06/2011 EsCULcA demanda do Xulgado de Vixilancia Penitenciaria da Coruña, do Defensor del Pueblo e do Xulgado de Instrución núm. 1 de Betanzos a adopción de medidas de protección, incluídas a proposta de traslado das que permanecen no Centro Penitenciario de Teixeira, de varias testemuñas do xuízo de faltas 257/2009 contra funcionarios deste cárcere denunciados por supostos malos tratos a presos da segunda e terceira galería en 2006. Os internos para os que se solicita protección están nestes momentos sob custodia dos propios funcionarios denunciados e córrese o risco dun resultado fatal para a súa vida ou integridade física.

Sen motivar a súa decisión, a xuíza denega a petición de EsCULcA. Anteriormente non permitira á acusación popular formular alegacións e optara por suspender o xuízo, marcado inicialmente para o 31, a fin de examinar unha cuestión previa de prescripción, apesar de o fundamento legal alegado (art.666 LECR) non ser de aplicación nun xuízo de faltas. A sentenza declara prescritos os feitos, nunha interpretación que pugna coa xurisprudencia existente naquela altura sobre a prescripción das faltas tramitadas inicialmente por procedemento por delito.

5.3. Asunto E.F.R.

5.3.1.- Descrición dos feitos

O día 3 de xuño de 2008, cando o penado E.F.R. está desfrutando do seu período de patio no módulo de isolamento en compañía dos internos D.M.P. e J.M.M.S., un dos funcionarios de servizo asoma por unha das xanelas que dan ao patio e manifesta gritando: “R., agora te vas a enterar”. Pouco despois, ordénase ao interno E.F.R. saír do patio e acceder desde este á galería. Unha vez ali, o funcionario que lle berrara anteriormente (agora acompañado por outros) ordénall en ton alterado tirar o pendente que leva na orella.

Perante a negativa do penado, E.F.R, o funcionario agárroa pola orella esquerda. Como o penado fai ademán de evitar a agresión, o resto dos funcionarios presentes, que portan porras ou defensas de goma, comezan a bater no penado e deitanno no chan, procedendo despois a o alxemar ás costas e continuar dándolle pontapés no costado, especialmente nas pernas.

Posteriormente trasladan o penado E.F.R. á zona de comunicacións do módulo de isolamento encanto outros funcionarios acuden a buscar os outros dous internos que están no patio, D. M. P. e J. M. M. S. , e estes son igualmente espancados.

Mais tarde, un funcionario con cargo de Xefe de Servizo, ao ver o E.F.R. sangrar polo nariz e na meixela, pergúntalle que acontecera. Ao responder que fora agredido, o Xefe de Servizo bate tamén no penado E.F.R.

O penado, E.F.R., é examinado na enfermaría do C.P. de Teixeira, onde se redacta parte de asistencia por lesións, obxetivándose: erosión en zona malar esquerda, contusión en zona lateral esquerda, contusión en zona anterior perna dereita.

O interno é trasladado a Villabona, onde pode comunicar coa súa parella, quen, a pesar do tempo decorrido, comproba a existencia de sinais da agresión, mesmo de lesións non recollidas no parte da sanidade penitenciaria.

Ignórase quen son os funcionários que participaron nestes feitos.

5.3.2. Forma de coñecemento dos feitos

EsCULcA tivo coñecemento dos feitos polo relato directo da vítima dos mesmos, así como por entrevista persoal coa parella do agredido.

5.3.3. Informes médicos existentes

Consta parte de asistencia por lesións da sanidade penitenciaria de data 3 de Xuño de 2008 que obxetiva as seguintes lesións: erosión en zona malar esquerda, contusión en zona lateral perna esquerda e contusión en zona anterior da perna dereita.

Até o momento non foi solicitado informe médico forense da vítima da agresión, E.F.R.

5.3.4 Denuncia e resposta xurisdiccional

Os feitos foron denunciados polo interno persoalmente. Así mesmo, EsCULcA

formulou querela a fin de constituirse en acusación popular.

Por estes feitos tramítanse DILIXENCIAS PREVIAS 930/2008 instruídas polo Xulgado de Instrución núm.2 de Betanzos. Os feitos son obxecto de arquivo provisorio por resolución de 30 de Abril de 2009, sen se teren practicado as probas solicitadas pola acusación popular. Esta exercita recurso de reforma, resolvido por auto de 30 de Xuño de 2009, que acorda estimar dito recurso e practicar exclusivamente as probas testemuñais de outros presos propostas pola acusación popular.

Son practicadas tres declaracións de testemuñas que ratifican integralmente a versión da vítima da agresión.

Os feitos finalmente son arquivados invocando a precariedade da proba de cargo para enervar a presunción de inocencia dos funcionarios denunciados e a versión por eles ofrecida.

5.4. Asunto R.G.G.

5.4.1. Descrición dos feitos

O día 14 de outubro o interno mantén unha entrevista coa Educadora, quen lle comunica que a Xunta de Tratamento está estudando a súa situación co fin de ver a posibilidade de progresalo de fase xa que leva 14 anos en primeiro grao, primeira fase. O día 15 pola mañá, o interno mantén outra entrevista, neste caso con a psicóloga, quen lle reitera as intencións de estudar a súa situación.

Na tarde do día 15 de outubro, entran na cela dous funcionarios para entregarlle o correo e un café (por estar en primeiro grao ten que pedilo ao economato desde a cela). Entréganlle tamén unha carta e un dos funcionarios, que R.G.G. identifica como D. Jesús (natural de León) –e a quen xa coñece de outros presídios- dille que ten outras cartas mais que non llas entregará. Diante desta situación, R.G.G. deita o café contra a parede, salpicando os funcionarios.

Mais tarde, sobre as 20:45 do mesmo día, R.G.G. métese na cama vestido cunha camisola e roupa interior (xa que se sente baixo de ánimo) e ponse a ver un partido de fútbol que está sendo retransmitido pola televisión. Despois de pasar o reconto (para o que debe situarse en posición vertical e firmes) volta deitarse e continúa vendo o partido medio adormecido.

Sobre as 21:50 ouve o ruído de abertura dunha porta e cando se dá conta de que é a da súa cela vé entrar un grupo de funcionarios equipados con cascos e escudos que se precipitan sobre el e o suxeitan mecanicamente con catro xogos de alxemas, nas mans -ás costas- e nos nocellos, deixándoo totalmente inmovilizado. É sacado ao corredor e ali, despois de lle cubrir a cabeza cunha manta que o impede de ver, comezan a mallar nel con violencia.

Entre as pancadas que lle propinan lembra especialmente dous pontapés na cabeza, en ambos os lados occipitais, pancadas con porras de goma por todo o corpo, golpes nas plantas dos pés, así como reiteradas intencións de simuladas penetracións coa porra à altura do ánus. Feito que non chega a ser consumado.

Ao rematar a agresión, R.G.G. é trasladado ao módulo de enfermaria nunha cadeira ortopédica, alxemado de pés.

Xa na enfermaria, o médico auscúltao por riba da camisola e dille que "non ten

nada". R.G.G. queíxase pois sangra pola boca e sofre dor contínua na parte frontal do peito, na zona esquerda por debaixo da mama. Durante as seguintes 48 horas, o médico pasa velo cada media hora.

Na enfermaria permanece 8 días. Durante os tres primeiros está vestido unicamente coa camisola e a roupa interior, pois os funcionarios ignoran as reiteradas peticións para que lle den a súa roupa e pertenzas. O cuarto día entréganlle un chándal e calzado, o seu cartón e a carteira persoal.

O día 22 de Outubro comunican a R.G.G. o seu traslado inmediato ao C.P. Madrid V e, na mañá do día seguinte, ás 08:00 é avisado do traslado especial. Previamente pode acudir á súa antiga cela no C.P. de Teixeiro onde encontra todas as súas pertenzas estradas no chan; algúns Autos Xudiciais da súa propiedade rotos, rachados e espallados polo chan da cela. Tamén nota a falta dun chándal, unhas fotografías, xel de baño e un anel de ouro, que non están na cela.

O 24 de Outubro, xa na prisión de Soto del Real, é levado á enfermaria onde nun primeiro momento, despois de lle faceren mais de 10 radiografías, lle din que ten unha pequena fisura pulmonar que é a causa de que expulsa sangue cando expectora con forza. O que, din, coincide con a dor que refere.

Posteriormente, outro médico fai outras radiografías e, contradicindo o anterior exame, dille que non observa fisura algunha nas costelas, mais que si adverte multitude de hematomas interiores, que seguramente son a causa de que continúe cuspiendo sangue.

Durante todos estes días, a pesar das súas reiteradas peticións, non consegue que lle entreguen ningún informe médico. Nin a prisión de Soto del Real nin a de Teixeiro acceden a esta petición. R.G.G. relata estes feitos a J.B.A., Presidente da *Coordinadora de Barrios de Madrid para el Seguimiento de Menores y Jóvenes*, con quen se entrevista o día 4 de novembro de 2008 no locutorio de "seguranza", ao que R.G.G. acude, por estar clasificado en primeiro grao sob control directo, custodiado por tres funcionarios. Ambos manteñen unha entrevista de cerca de unha hora.

Durante a mesma, R.G.G. totalmente nu, salvo a roupa interior mostra a J.B.A. as seguintes feridas, claramente visíbeis:

- Coxa esquerda: hematomas na parte interior por riba da zona do xeollo claramente marcados de cor vermello escuro, difuminándose aos exteriores en ton mais azulado.
- Glúteo esquerdo: hematoma escuro redondo, duns catro centímetros de diámetro.
- Curva esquerda: hematoma difuminado clariño con raspón.
- Costas: hematoma linear pronunciado desde o baixo do omóplato esquerdo estendéndose lonxitudinalmente até case o outro omóplato (dereito). Obsérvanse, ademais, varios hematomas lineares na mesma traxectoria.
- Costas: lado dereito por debaixo do omóplato outro hematoma circular de cor esbranquizada coas beiras azuladas.
- Pé esquerdo á altura do nocello: ferida circundante sobre o mesmo nocello.
- Pe´ esquerdo: na parte interior, pequeno hematoma lonxitudinal desde o calcañar até comezos do dedo gordo.
- Cabeza: na testa a ambos os lados da vertical do naris dous pequenos bultos con pequena ferida.

- Peito: no lado esquerdo, por debaixo da mama, dor contínua que se agudiza ao facer calquer pequeno esforzo como falar, subir à cadeira, tirar a camisola....

R.G.G. comunica a J. B. A. que o mesmo dia 4 de Novembro de 2008 cando os funcionarios foron buscalo para o conducir ao locutorio de seguranza onde se entrevistou con el., os funcionarios da prisión de Soto del Real advertíronlle que “aunque vayan abogados a verle no está seguro y quizás le puede pasar algo”.

Ignoramos quen son os funcionarios que participaron nestes feitos.

5.4.2. Forma de coñecemento dos feitos

EsCULcA tivo coñecemento dos feitos polo relato directo de J.B.A.

5.4.3. Informes médicos existentes

EsCULcA non tivo acceso directo a informe médico referente a estes feitos.

5.4.4. Denuncia e actuación xurisdiccional

Os feitos son denunciados por R.G.G., o que deu lugar á tramitación das Dilixencias Previas 1491/2008 do Xulgado de Instrución núm. 1 de Betanzos. A instrutora Nuria Fachal Noguer acorda o arquivo por auto de 28 de Novembro de 2008, sen que conste dilixencia practicada algunha en averiguación dos feitos denunciados, nin sequera a ratificación da denuncia ou o ofrecemento de accións.

J.B.A., Presidente da *Coordinadora de Barrios de Madrid*, denuncia os feitos, o que dá lugar às Dilixencias Previas 380/2009, tamén instruídas polo Xulgado de Instrución núm. 1 de Betanzos, onde mais unha vez a titular, Nuria Fachal Noguer, previa acumulación ás DP 149172008, acorda archivar sen que conste dilixencia algunha de comprobación dos feitos.

EsCULcA formula querela por estes feitos constituíndose como acusación popular. Isto dá lugar às Dilixencias Previas 959/2008 do Xulgado de Instrución núm. 2 de Betanzos. A titular acorda inhibirse a favor do Xulgado núm. 1 de Betanzos, que non acepta a inhibición. Diante disto, e en lugar de proceder a tramitar as dilixencias previas 959/2008, practicando proba, ou ben plantexar o conflito negativo de competencia, a titular do Xulgado de Betanzos, Carmen Castro Pérez, procede a acordar o arquivo provisorio, sen comprobar a veracidade dos feitos. Este arquivo é recorrido en apelación perante a A.P. da Coruña que finalmente acorda ratificar a decisión de primeira instancia. .

5.5. Asunto S.P.

S.P. é agredido por funcionarios do C.P. de Teixeiro 8 de Abril de 2010 en dous momentos diferentes durante unha condución.

5.5.1. Descrición dos feitos

O 8 de Abril de 2010, o penado S.P. é obxecto de condución, en vehículo e con custodia da Garda Civil, do centro penitenciario de Teixeiro á Coruña. Nesta cidade, o penado, xunto con outros internos, é conducido aos calabouzos da Audiencia Provincial da Coruña, con custodia da Policía Nacional e en espera de seren conducidos todos eles aos diferentes destinos. No caso de S.P. ao Centro Hospitalario da Coruña para que lle sexan practicadas probas na unidade de Traumatoloxía.

Unha vez realizadas as probas, S.P. é conducido novamente aos calabouzos da Audiencia Provincial á espera de que chegue o vehículo de conducións da Garda Civil para ser devolto ao penal de Teixeiro.

Sobre as 12:05 chegan varios axentes da Garda Civil e van sacando os presos un a un dos calabouzos para procederem ao rexisto e agrilloamento.

Ao saír S.P., un axente da Garda Civil (de entre 40 e 46 anos de idade, con un peso aproximado entre 95 e 100 quilos, moreno, altura entre 1,70 e 1,75 metros e barba duns 5 días) comenta que sería mellor colocar as alxemas aos presos con as maos por diante, menos “al más gilipollas”, dándose a circunstancia que S.P. foi alxemado máis dunha vez ás costas. Diante disto, S.P. dirixe o ollar ao garda civil e o axente bérralle que non olle para el. S.P. sustén o ollar do axente e nesa altura o garda civil precipítase sobre S.P. berrando e dalle unha labazada coa mao esquerda baixo a orella dereita.

Perante a agresión, o preso retírase para atrás e consegue suxeitar a man dereita, tentando o axente policial bater no interno novamente coa mao esquerda.

Diante disto, o garda recúa e berra a S.P. que non levante a cabeza, procede a tirar unha porra desdobrábel metálica e levántaa para bater no penado á altura da cabeza. S.P. consegue agarrar a porra con a mao esquerda e con a dereita tenta parar as pancadas do axente con xeollos e puños. Este grita novamente: “ponte de rodillas”, “de rodillas”, encanto bate co xeollo e tenta deitar S.P. no chan. Ao non conseguir derrubar o penado, solta o clipe da cartucheira da pistola que leva no lado esquerdo, encanto se aproxima outro garda civil (loiro, 1,80 metros e 90 kgs. de peso aproximadamente), que agarra o brazo dereito de S.P. e o pescozo. Coa acción de ambos derruban o penado no chan.

Unha vez sentado, o penado ouve como o primeiro dos axentes o insulta e lle ordena que se poña boca abaixo, literalmente “túmbate, hijo puta” “no mires para atrás”, “no levantes la mirada”, “al suelo”. O penado S.P. négase a deitarse, mais despois das pancadas recibidas decide porse de xeollos,

Os axentes retórcentlle os brazos e colócanllos atrás para lle poren as alxemas.

O axente descrito como moreno continúa batendo S.P. na cabeza entre gritos mentres o outro garda procede a agrilloar o penado, deixando as alxemas folgadas, sen as apertar.

Na galería das celas do furgón están presentes cando se produce a agresión catro testemuñas máis os axentes da garda civil e a policía nacional. Cóntanse non menos de seis axentes no total. Tamén puideron ter coñecemento dos feitos os oito presos que esperaban nas celas a ser introducidos no furgón.

Ao erguerse S.P., o garda aperta ao máximo os grillóns, despois do cal o penado é introducido na cela catro do furgón coas maos alxemadas nas costas.

Pouco antes das 12:48 prodúcese a chegada ao penal de Teixeiro. Do furgón van saíndo todos os presos obxecto de condución. S.P. fica para o final.

O penado procede a baixar do furgón no garaxe do departamento de ingresos.

Ao sair vé o grupo de gardas civís encargados da condución e están presentes os funcionarios de ingresos. S.P. identifica o axente agresor. Este pon as luvas negras e, ollando o penado, berra: "tu que , sigues igual, no?" , despois do cal lle dá unha bofetada na orella dereita. O penado tenta baixar a cabeza para protexerse cos ombros por canto está alxemado coas maos nas costas. Tenta dar a volta para protexerse e o axente bate outra vez na parte esquerda da cara, a consecuencia do cal o penado perde a audición dos ouvidos. O axente continúa propinando puñadas e batendo na cabeza do preso, que tenta afastar o garda cos ombros. O axente agresor agarra polo pescozo S.P. e bate reiteradamente a cabeza contra o lateral do furgón e, aínda que S.P. tenta protexerse, o garda agárrao pola roupa conseguindo darlle máis bofetadas encanto lle grita "no te me encares" "no te me encares que te mato" "te mato". S.P. bérralle que o deixe en paz mentres o garda continua mallando nel, o que determina que o preso se deite no chan para protexer a cara e, deitado no chan, continúa recibindo pontapés e puñadas.

Cando cesan as pancadas, e estando S.P. aínda deitado ao lado da roda do furgón, o garda dille "si quieres te levantas no voy a recogerte", o que determina que S.P. lle chame "miserable", despois do cal o garda revólvese contra o preso que aínda está no chan e bátelle na cabeza con os pés. S.P. encolle o corpo nunha tentativa vá de protexerse, despois do cal o garda suxéitao pola cabeza coas dúas mans e bátella contra o aro da roda do furgón.

S.P. permanece no chao, pedindo que o deixe en paz, momento en que o garda civil se lanza en cima da vítima da agresión berrándolle: "patriota de mierda" , "miserable no me llamas nunca", así como outras frases inconexas como "gudari", "te mato", "matas". Encanto S.P. continúa no chan o axente policial tenta agarralo polos testículos e ao non conseguir o seu obxectivo por diante, porque a vítima da agresión está encollida, procede a meter a man entre as pernas por detrás, movéndose no chan o penado S.P. revólvese e berra, momento en que o axente da garda civil se levanta para tentar pisarlle a cabeza e propinarlle máis bofetadas.

Despois destes feitos, o garda civil agresor sepárase de S.P., que permanece deitado no chan, e aproxímase dos funcionarios de prisións para falar dos expedientes dos presos obxecto da condución.

Durante toda a agresión están presentes máis de seis gardas civís, varios funcionarios de prisións e os presos obxecto de condución que poderían ser aproximadamente dez.

No momento en que os presos obxecto de condución van entrando ao módulo de ingresos, S.P. logra erguerse e aproxímase do garda civil presente para que lle retiren as alxemas, momento en que o garda civil autor dos feitos anteriormente descritos volve berrar que non lle susteña o ollar e bate o penado contra a parede puxándoo polas orellas encanto o esbofetea e o agredido berra á súa vez "vale ya hostia". Nese momento aproxímanse outros gardas civís a retirar as alxemas a S.P. e o axente autor destes feitos afástase.

A causa das pancadas recibidas, os gardas civís teñen dificultades para abrir os grillóns e o garda civil autor da agresión di: " a éstos habrá que cortarles los brazos". Despois de varias tentativas conseguen abrir os grillóns de S.P.

Así que chega ao departamento de ingresos, o penado solicita ser examinado polo médico do centro.

Aproximadamente ás 14:40 o penado é enviado ao módulo de enfermaria para pasar informe de lesións.

Por estes feitos S.P. refere as seguintes secuelas:

- Perda de audición no ouvido dereito e zumbidos no ouvido esquerdo acusando dores en ambos os tímpanos.
- Moratóns nos pavillóns auditivos.
- Hematoma por pancada no ollo esquerdo con inchazo.
- Hematoma por pancada con bulto na parte frontal dereita.
- Pancada no nariz con hemorraxia.
- Pancada con inflamación na zona posterior da orella esquerda.
- Marcas moradas e inflamación en ambos os pulsos-
- Marcas na testa e noutras partes da cabeza.
- Hematoma circular de 3 cm no peito. Tres marcas no pescozo.

5.5.2 . Forma de coñecemento dos feitos

EsCULcA tivo coñecemento dos feitos por asociacións de apoio a presos que recolleron o testemuño da vítima da agresión.

5.5.3. Informes médicos existentes

Existe parte de asistencia por lesións dos servizos médicos do CP, facultativo NCP 33528, que reseña como lesións:

-
- Eritema en ambos os pulsos
- Eritema retroauricular esquerdo .
- Contusión periorbitaria esquerda.
- Contusión frontotemporal dereita.
- Eritema frontal
- Contusión pirámide nasal con epistaxis autolimitada salvo complicacións.

Reseña igualmente que precisa observación posterior.

5.5.4. Denuncia e actuación xurisdiccional

Non consta a EsCULcA a presentación de denuncia nin, loxicamente, a eventual resposta xurisdiccional á mesma.

5.5.5. Outras actuacións

O 09/04/2010 en resposta a esta agresión varios presos realizaron un plante e entregaron un escrito dirixido a Silvia Alonso, directora da prisión. Tamén realizaron un encerro de 3 días (11-13/04/2010, ambos incluídos).

O 20/04/2010 EsCULcA presentou queixa perante a oficina da Defensoría del Pueblo, responsábel do Mecanismo de Prevención da Tortura, para requerir a abertura das dilixencias necesarias que permitisen determinar o acontecido.

O 29/06/2010 EsCULcA recibe resposta da M.^a Luísa Cava de Llano y Carrió, na altura Defensora del Pueblo en funcións, que contesta en nome do Mecanismo Nacional de Prevención de la Tortura (MNPT). Afirmar que foron iniciadas as actuacións precisas para o esclarecemento dos feitos denunciados.

5.6. Asunto A.P.M.

En xaneiro de 2011 A.P.M. denuncia ter sido espancado, primeiro na súa cela e posteriormente no módulo de ingresos, por varios funcionarios do penal de Teixeiro.

5.6.1. Descrición dos feitos

Durante a garda de noite do seis ao sete de xaneiro de 2011, A.P.M. está na súa cela en compañía do penado A.P.L., cando se procede sen incidencia ningunha á práctica do reconto nocturno pola funcionaria de servizo.

Un pouco máis tarde preséntase diante da cela un grupo de varios funcionarios e un deles procede a insultar o penado APM, empregando termos como “fillo de puta” e “cabrón”. Despois proceden á abertura da cela, e trasladan o penado ao módulo de ingresos onde é introducido nunha cela e alí espancado con porras polo funcionario que proferira os insultos así como polos que o acompañaban.

Como resultado da agresión APM refire ter hematomas en costas e pernas, así como golpes na cabeza.

5.6.1. Denuncia e resposta xuridiscional

A.P.M. formula denuncia por estes feitos o 4 de febreiro de 2011 que remite ao xulgado de instrución de Betanzos.

Na súa declaración como testemuña durante a tramitación das dilixencias previas, A.P.L., compañeiro de cela do agredido, confirma a versión de denunciante sinalando que non se producira incidente previo algún que poidese xustificar a actuación reximental dos funcionarios.

No entanto, en contra de tan coincidentes indicios, o 8 de xaneiro de 2013 a xuíza Maria de Luna Taboada Martinez dita auto de sobresimento sinalando que o informe médico forense realizado posteriormente indica que as feridas constatadas son "compatíbeis coa necesidade de reducir o interno dado o seu estado de axitación".

Esquece a titular do xulgado 3 de Betanzos que, fora da versión dada pola propia prisión para xustificar a agresión, non existe proba algunha de que A.P.M. se encontrase no que ela denomina “estado de axitación” no momento de se producir a agresión e que a única testemuña dos feitos nega que o preso agredido se encontrase nese estado.

Esquece tamén que o recoñecemento forense tivo lugar meses despois da agresión e foi realizado sobre os informes dos médicos de prisión, funcionarios con dependencia da propia institución penitenciaria. Continuando unha práctica reiteradamente criticada por organismos que defenden a necesaria imparcialidade da xustiza e a igualdade perante a lei, a xudicatura de Betanzos aplica mais unha vez criterios propios para tramitar un procedemento penal en que o denunciante é unha persoa presa.

EsCULcA recorre en reforma por considerar inxustificado arquivo do recurso do

procedemento. O recurso é desestimado.

5.7. Asunto F.J.F.C. e G.W.M.

F.J.E.C. e G.W.M. son agredidos por funcionarios nas súas respectivas celas, o último por pedir que deixasen de maltratar f.J.F.C.

5.7.1. Descrición dos feitos

O 8 de maio de 2012, en torno às 16:45, cando saía da cela para ir ao patio, F.J.F.C. é interceptado por un funcionario (individuo de cabelo roxo e grande envergadura física que responde ao nome de Pedro) que lle ordena voltar á cela. F.J.F.C. obedece mais despois, ao ver como son abertas as portas das celas colindantes, pregunta polo interfono por qué non abren a súa, ao que o funcionario antes identificado contesta que porque el mesmo decidiu non ir ao patio. F.J.F.C. lembra que non renunciou á saída e que, se quixese renunciar, tería que telo feito por escrito asinado, cousa que non fixo en ningún momento.

Cando outro interno lle comenta que o funcionario afirma que non sair ao patio fora decisión súa, F.J.F.C. volta preguntar polo interfono e obtén como resposta unha frase ameazadora: "Espero que no se haya equivocado porque como se haya equivocado se va a enterar". Ante a insistencia de F.J.F.C., o funcionario contesta: "Me tiene usted hasta los huevos, usted ha renunciado al patio, le queda claro, sino le queda claro voy y se lo explico de otra manera".

Como tampouco lle permiten chamar, á hora da cea F.J.F.C. pregunta se tamén "renunciou" ao dereito á chamada diaria e comunica que desde ese momento (tarde do 8 de maio), en protesta por estas arbitrariedades, está en folga de fame, polo que entrega as instancias correspondentes. O funcionario (Pedro) négase a recollelas e exclama, dirixíndose ao seu compañeiro, "Cierra las puertas y los ordenanzas que se vayan fuera que vamos a entrar a por él", o que fai de inmediato acompañado de outros dous funcionarios.

"Vaya desnudándose", ordena e, cando F.J.F.C. está tirando a sudadeira, dalle unha puñada na meixela esquerda (que deixa marcas aínda visíbeis varios días despois), deitando contra a cama. Continúa mallando nel mentres outro dos funcionarios presentes o suxeita por unha perna en que padece unha grave doenza que lle causa unha importante coxeira. Nese momento os presos das celas colindantes comezan a empurrar as portas berrando que deixen de maltratar F.J.F.C. O xa varias veces mencionado Pedro pede que abran a cela de G.W.M., entra nela berrando "por qué coño picas? quita las manos de los bolsillos", golpea G.W.M. e deitao no chan causandolle lesións en varias costelas (que deixan marcas aínda visíbeis varios días despois).

Cando finalmente marchan os funcionarios, o preso da outra cela colindante, J.J.P.G., ao ver que F.J.F.C. non responde ás chamadas, avisa polo interfono e pede a presenza do médico.

Regresan os mesmos funcionarios acompañados do Xefe de Servizo, trasladan F.J.F.C. a outra galería mentres o identificado como Pedro exclama: "Porque está el Jefe de Servicio delante sino te reventaba, vaya 91.3 de mierda que eres, te dejas pegar por un funcionario, seguro que estás en primer grado por dejarte pegar por los

funcionarios”.

Entretanto vai dándolle puñadas no peito ao tempo que outro dos funcionarios (este con lentes) afirma “ya le dijimos que pegarle fuego no le iba a servir de nada, aquí no andamos con chiquilladas”. No momento de entraren na cuarta galería, Pedro exclama: “Voy a poner a tu familia de luto. Para la última celda, que se joda allí”, mais o funcionario de lentes advirte que nesa cela non poden metelo pois é a de suxección mecánica e é levado a outra. Cando F.J.F.C. está tirando o reloxo e os cordóns como se lle ordenou, Pedro continua a darlle bofetóns na cara apesar das protestas do preso.

Sobre as 20:00 horas preséntanse na cela a subdirectora de seguridade acompañada polo mesmo xefe de servizo e a médica, que fican fora. FJFC conta á subdirectora o que aconteceu, a prohibición de saír ao patio e realizar a chamada diaria, a mentira de el ter renunciado e as tres malleiras que lle propinou o funcionario que identifica como Pedro. A médica pregúntalle a través da porta da cela, sen o ver, se ten algunha lesión e comenta que o sente demasiado nervioso polo que, antes de mais nada, quere inxectalo, ao que FJFC se nega. Despois dalle unha pastilla para o corazón e outra de SEROTEL 100, que el se nega a tomar debido o tratamento psiquiátrico que está seguindo.

Posteriormente a FJFC foille notificada a abertura de parte por tres faltas moi graves e unha falta grave.

5.7.3. Forma de coñecemento dos feitos

EsCULcA tivo coñecemento dos feitos por testemuño directo de F.J.F.C.

5.7.4. Denuncia e actuación xurisdiccional

O 16/05/2012, en exercicio do dereito da acción popular en materia penal e para a súa comparecencia como acusación popular, EsCULcA presenta querela criminal contra funcionarios do C.P. de Teixeiro que alegadamente interviron na agresión a F.J.F.C. e G.W.M. por supostos delitos de tortura, rigor innecesario e lesións.

O 14/06/2013 o funcionario de prisións nº 312 do C.P. de Teixeiro declara perante o xulgado de instrución número dous de Betanzos, en calidade de imputado por delito de rigor innecesario e tortura, no decurso das dilixencias previas en que EsCULcA actúa como acusación popular e figuran como prexudicados os presos do módulo de isolamento FJFC e GWM.

O imputado rexeita responder as preguntas da acusación popular comparecente sobre o acontecido e, ao ser preguntado pola xuíza de instrución, móstrase incapaz de explicar convincentemente que motivos o levaran a entrar o 8 de xuño de 2012 na cela de F.J.F.C., limitándose a referir unha e outra vez o parte escrito pola propia institución penitenciaria.

Non obstante, a súa declaración confirma a veracidade das declaracións testemuñais dos presos, tanto no que se refere á hora de produción dos feitos como a outras circunstancias periféricas, e a súa presenza corrobora a descrición que do alegado agresor fixeran as testemuñas (individuo de cabelo roxo e grande envergadura física).

Os feitos foron arquivados polo xulgado a pesar da débil versión ofrecida polo funcionario denunciado.

5.8.1 Asunto A.P.R. e Al.P.R.

O 26 de maio de 2012, varios funcionarios agriden un interno, A.P.R. e o seu irmán (Al.P.R.), tamén interno no C.P. de Teixiero.

5.8.1 Descrición dos feitos

En conversa no comedor do penal, A.P.R. manifesta ao seu irmán (Al.P.R., tamén interno no centro) a súa irritación polo roubo dun mazo de tabaco que gardaba na cela. Ao ouviren as voces iradas de A.P.R., tres funcionarios acoden ao comedor e conducen os dous irmáns á chamada zona de seguranza, situada entre os módulos 11 e 12 e controlada por cámara. Desde alí, e xa con luvas de coiro nas mans, os tres funcionarios trasladan o irmán do denunciante (Al.P.R.) ao gabinete dos educadores, un local oculto ao ollar de terceiros, e unha vez dentro propínanlle bofetadas e pancadas en cara e cabeza que lle provocan unha hemorraxia no ouvido.

Despois van procurar A.P.R. e, así que este entra no gabinete, un dos funcionarios -aliñado en semicírculo cos compañeiros- preguntalle onde está a droga. Cando o denunciante mostra o seu estupor por o incidente non ter relación algunha con drogas, o funcionario propínanlle unha bofetada e unha puñada na cara que lle parte un dente e lle produz unha hemorraxia.

Ao responder A.P.R. á agresión, tres funcionarios lánzanse sobre el e propínanlle innumerábeis pancadas, sobretudo pontapés, encanto proferen insultos. Despois colócanlle as alxemas e estícanlle os brazos con forza sen deixaren de o espancar e insultar. Empurrado a pontapés e obrigado a lavar o sangue das feridas, é finalmente presentado á médica de garda, que procede a examinalo e emite un parte en que manifesta non apreciar lesións.

A seguir A.P.R. é trasladado ao módulo de ingresos. Alí tres funcionarios, con coñecemento do xefe de servizos, introdúcenno nunha dependencia onde non pode ser visto por terceiros e, provistos de luvas de couro, espancan e deitan no chan o denunciante inmovilizándoo de bruzos e agarrándoo por brazos e pernas encanto un deles se senta sobre os seus muslos e comeza a darlle puñadas na zona lumbar durante varios minutos. Tal é o asaño con que malla que fractura o 5º dedo da súa propia man dereita.

Posteriormente ingresan A.P.R. nunha cela en isolamento provisorio. Debido ás dores que sente, pede reiteradamente ser atendido polos servizos médicos, o que non lle é concedido até media tarde, cando por fin é examinado pola mesma médica que o asistira anteriormente, esta aprecia contusións na zona costal esquerda e no xeollo esquerdo polo que emite un parte de lesións e inxecta un calmante para aliviar a dor, asinalando que debe procederse á observación posterior.

No día seguinte, domingo 27 de maio, o xefe de servizos, acompañado doutro funcionario, vai á cela onde está A.P.R. e entre os dous obríganlo a dar puñadas contra a parede.

Despois A.P.R. é trasladado ao módulo de isolamento e cando manifesta que quere ler a notificación antes de a asinar, un dos funcionarios, que calza luvas de couro, dalle unha bofetada e, unha vez que o denunciante asina, obrígaos a entrar no cuarto destinado a inspeccións corporais, afastado do ollar de terceiros, onde entran tamén

outros dous funcionarios. Ordénanlle despirse e cando o denunciante está tirando a roupa os funcionarios comezan novamente a bater nel, atíranno ao chan e un deles lle inmoviliza a cabeza encanto lle di: "Esto es para que no vuelvas a levantar la mano a un colega", o que lle produz unha ferida sangrante na fronte.

Posteriormente é levado á enfermaria e o médico emite parte de lesións por apreciar erosión na zona frontoparietal esquerda. Adminístralle unha inxección intramuscular de Voltarén e A.P.R. é conducido ao módulo de isolamento.

O día 28, debido á grande dor que sente, o denunciante solicita asistencia médica e consegue ser examinado pola facultativa, á que manifesta que cré ter varias costelas partidas e a quen pede que lle faga unha radiografía.

Petición a que a médica non accede. Despois de o examinar, límítase a anotar na folla de evolución clínica a presenza de dor costal esquerdo con hematoma. Tamén lle administra un calmante, un antiinflamatorio e un somnífero.

Nos días posteriores, como as dores continúan, solicita en varias ocasións ser asistido medicamente. Os facultativos consideran que padece "insomnio e desasosego reactivos á súa situación" (anotación do 1º de xuño), que presenta "bo estado xeral" (anotación de 8 de xuño) e afirman non ver inconveniente para a aplicación do art. 10 do Regulamento Penitenciario (anotación de 8 de xuño).

Na madrugada do 8 de xuño, A.P.R. esperta co abdómen inchado e moi mareado, levántase para ir ao cuarto de baño e cae desmaiado. Despois de recuperarse, toca a campaiña e comunica aos funcionarios que desmaiara e que se sente mal. A isto os funcionarios responden que deixe de incomodar. Pouco despois, A.P.R. volta perder o coñecemento e cando acorda constata que ten a temperatura corporal moi baixa, chama novamente polo teléfono interno e os funcionarios contestan que se vai arrepentir como continúe a incomodar.

A.P.R. avisa o preso da cela do lado, un cidadán romanés, e pédelle que chame os funcionarios, mais este non acepta por temor a represalias. A.P.R. cai desmaiado outra vez e, ao caer, bate co nariz no chan, o que lle produce unha hemorraxia. Pouco despois volta acordar mais non pode levantarse e suplica o colega romanés que chame os funcionarios porque se sente morrer. Esta vez o compañeiro accede e cando acuden os funcionarios conminan o denunciante a erguerse, o que este non consegue facer. Cando lles mostra o sangue, os funcionarios deciden por fin atendelo e trasládanno á enfermaria en cadeira de rodas.

Unha vez ali, o médico e os funcionarios consideran que se trata dunha sobredose de pastillas, polo que lle colocan un goteiro. Tamén o abrigan con cobertores para paliar o intenso frío que A.P.R. manifesta sentir. Finalmente a tensión baixa de tal modo que deciden enviálo ao hospital en ambulancia.

Xa no hospital, A.P.R. é operado de urxencia para lle salvar a vida. As pancadas que lle propinaran os funcionarios produciran a fractura de dous arcos costais, o núm. 11 e o núm. 12 posteriores esquerdos, e romperan o bazo, que ten de ser extirpado por canto presenta varios hematomas intraparenquimatosos, o que provocara unha hemorraxia interna que acumulara mais de tres litros de sangue e un grande hemoperitoneo. O denunciante permanece hospitalizado até o 15 de xuño.

Despois dun tempo na enfermaria da prisión, aplícaselle o primeiro grao penitenciario e é trasladado ao módulo de isolamento do C.P. da Lama.

5.8.4. Forma de coñecemento dos feitos

EsCULcA tivo coñecemento dos feitos por información directa do interno agredido (A.P.R.).

5.8.5. Denuncia e actuación xurisdiccional

O 17/12/2012, xa interno no C.P. da Lama, A.P.R. presenta denuncia contra funcionarios do cárcere de Teixeiro por torturas e falta de asistencia médica adecuada.

5.9 Asunto J.A.S.B.

5.9.1. Descrición dos feitos

O 06/11/2015 J.A.S.B. é agredido por varios funcionarios, sobre as 12:30-13:00, cando se encontraba no módulo de ingresos onde fora trasladado despois dunha visita ao dentista. Na agresión participaron un xefe de servizos e outros 5 funcionarios, que bateron en J.A.S.B. con defensas de goma encanto este permanecía alxemado. A agresión, segundo o propio denunciante, teríase producido como represalia pola protesta que protagonizaran o día 4 de novembro varios internos para denunciar as duras condicións do citado módulo.

Posteriormente é trasladado á galería do módulo de isolamento chamada Ala Corta, onde é costume trasladar os presos en situación de aplicación do medio coercitivo de isolamento preventivo após algún incidente sen que lle sexa entregada notificación algunha nin lle sexan devolvidas as súas pertenzas.

5.9.2 Forma de coñecemento dos feitos

EsCULcA tivo coñecemento dos feitos por información directa de J.A.S.B. e outro interno do penal (S.S.M.)

5.9.3. Denuncia e actuación xurisdiccional

O 15/11/2015 EsCULcA enviou queixa á Defensoría del Pueblo.

5.9.4. Outras actuacións

O 16/11/2015 a deputada Tereixa Paz Franco (BNG) presenta no Parlamento Galego catro iniciativas (dúas Proposicións non de Lei para seren debatidas en Comisión e en Pleno e dous escritos de preguntas ao Goberno Galego para seren respondidos por escrito e oralmente) que visan determinar o alcance das graves vulneracións de dereitos fundamentais denunciadas no C.P. de Teixeiro e, mais en concreto as denuncias por malos tratos de J.A.S.B.

O 19/11/2015 as deputadas Consuelo Martínez García e Carmen Iglesias Sueiro (Grupo Mixto) solicitan ao delegado do goberno na Galiza, Santiago Villanueva Álvarez, poderen entrevistarse co Director e os dous internos (J.A.S.B. e S.S.M:) cuxa situación

se recolle o escrito de EsCULcA. O 9 de decembro a solicitude é denegada por orde da Subdirección Xeral de Relacións Institucionais e Ordenación do Territorio, Mercedes Belaustegui Alonso, que alega que xa se toman as medidas necesarias para eliminar os problemas que podan surxir.

NOTA FINAL

O presente relatorio acredita a difícil via de investigación das denuncias de tortura e malos tratos polos órganos xurisdiccionais competentes. A Defensoría do Pueblo nunca procedeu a averiguar o fundamento dos feitos denunciados nin examinando individualmente cada caso nin abrindo unha investigación mais ampla para determinar o que acontece no penal. Ao contrario, o seu labor limitouse moitas veces a pór empecillos como sinalar que a queixa debe ser articulada polos penados non por asociacións ou observatorios como EsCULcA.

Tampouco o *Mecanismo Nacional Preventivo contra la Tortura*, integrado na propia Defensoría, exerceu as facultades que lle confere o *Protocolo Facultativo para a Prevención da Tortura* alegando entender que a súa actuación, após a denuncia e producidos os feitos, non tería carácter "preventivo", amparándose sorpresivamente nese criterio para ignorar seu eventual valor como medida de prevención da reiteración de feitos análogos.

Estima o noso observatorio que tal situación demanda a intervención de Mecanismos supraestatais de garantía de dereitos fundamentais e prevención da tortura polo que propón que o Comité para a Prevención da Tortura do Consello de Europa considere a posibilidade de incluír o C.P. de Teixeiro entre os centros a examinar na próxima visita ao Reino de España.

Galiza, marzo de 2016